



Número:

2024 / 002106

Fecha: 21/08/2024 18:44

ASUNTO: APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE MELLORA PISTA AERÓDROMO (2024 CONTR-0052)

ANTECEDENTES

- Proxecto de "MEJORA DE LA PISTA DEL AERÓDROMO DE AS LAMAS", redactado por D. PEDRO NOGUEROLES VIÑES, Enxeñeiro aeronáutico (Núm. Colex. 2.163, COIAE), en data 16.08.2024, por un importe total de execución IVE engadido de 175.440,10 € e un prazo de execución de 1 mes.
- Documento RC de data 03.05.2024, por importe de 175.440,10 € contra a aplicación 1532 61902, do vixente orzamento municipal.
- Providencia de inicio, de data 20.08.2024
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán a adxudicación por procedemento aberto, tramitación ordinaria con varios criterios de adxudicación, de data 20.08.2024
- Informe de Secretaria, de data 20.08.2024
- Informe de Fiscalización, de data 21.08.2024

CONSIDERACIÓN XURÍDICAS

1.- De acordo co artigo 25.1 da Lei 7 /1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL) o Concello, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

2. O artigo 25.2 d) da LRBRL cita, entre as competencias propias dos Concellos as de "Infraestructura viaria y otros equipamientos de su titularidad"

3. O Concello de Monforte de Lemos carece na actualidade dos medios materiais necesarios, así como, do persoal cualificado para a execución da obra, é o que xustifica a necesidade de acudir a contratación externa.

4. Os artigos 156 a 158 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pala que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014,(en adiante LCSP), permite tramitar o expediente de contratación desta obra polo procedemento aberto, por razón da súa contía xa que o seu valor estimado é de 144.991,82 € máis IVE, inferior polo tanto aos 5.538.000 euros e porque se establecen como criterios de adxudicación conceptos obxectivos e conceptos avaliados mediante xuízo de valor.

Posto que un dos principios de actuación do Concello é a eficacia administrativa e, segundo o disposto no artigo 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público, neste caso faise necesaria a avocación da competencia.

Por canto antecede, e uso das atribucións que me confire o ordenamento xurídico **RESOLVO:**

1º.- AVOCAR a competencia con carácter singular para a adopción do presente acto do contratante.

2º.- APROBAR o Proxecto de "MEJORA DE LA PISTA DEL AERÓDROMO DE AS LAMAS", redactado por D. PEDRO NOGUEROLES VIÑES, Enxeñeiro aeronáutico (Núm. Colex. 2.163, COIAE), en data 16.08.2024, por un importe total de execución IVE engadido de 175.440,10 € e un prazo de execución de 1 mes.

3º.- APROBAR o expediente de contratación da obra de "MELLORA PISTA AERÓDROMO" (EXP. 2024 CONTR-0052) polo importe referido.

4º.- APROBAR o prego de cláusulas administrativas que rexerá en dita contratación.

5º.- APROBAR o gasto correspondente, con cargo á aplicación orzamentaria 1532 61902 do vixente orzamento municipal.

6º.- DISPOÑER a apertura da adxudicación mediante procedemento aberto e tramitación ordinaria ao abeiro dos artigos 156 a 158 da LCSP, o existir un orzamento cun valor estimado inferior a 5.538.000 €.

MONFORTE DE LEMOS, data da sinatura do Sr. Alcalde

Ordena e asina o Sr. Alcalde

Certifica e asina o Sr. Secretario

FIRMANTE - FECHA		EXPEDIENTE :: 2024CONTR-0052
JOSE TOME ROCA(P2703100D-AYUNTAMIENTO DE MONFORTE DE LEMOS)-Alcalde-Presidente - 21/08/2024	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 21/08/2024	Fecha: 20/08/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 21/08/2024 18:44:27		Hora: 00:00
La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E8000F568500F0Y2P0Q7T9A2 en la Sede Electrónica de la Entidad		Und. reg: REGISTRO GENERAL

CSV: 07E8000F568500F0Y2P0Q7T9A2



DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE